

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN E AUGAS RESIDUAIS

Fundamento e natureza

Artigo 1.- De conformidade co previsto no art. 106, da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e conformidade co disposto no art. 15 a 19 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello aproba a imposición e ordenación da taxa por prestación do servizo de depuración de augas residuais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2: Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización ou prestación dalgún dos servizos seguintes:

a) A prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e depuración de augas residuais (servizo de saneamento en rede primaria, en "alta", servizo de interceptación e depuración), que inclúe os seguintes conceptos:

a.1) Mantenemento e explotación da EDAR de Cabo Prioriño e do emisario submarino (en adiante, servizo de depuración).

a.2) Mantenemento e explotación da EBAR de A Malata, emisario terrestre de Brión, emisario submarino de A Malata, colector-interceptor cos seus bombeos intermedios, tanques de tormentas e alivios (en adiante, servizo de interceptación).

A taxa en concepto de servizo de depuración (2.a.1) e servizo de interceptación (2.a.2) será esixible a partires da recepción e posta en servizo e explotación das instalacións da EDAR de Cabo Prioriño que motivan a súa imposición.

Artigo 3 : Obrigatoriedade de evacuación á rede de sumidoiros

EMAFESA procederá á evacuación das augas negras, residuais e pluviais, e a súa recollida e depuración, con carácter obrigatorio para tódolos inmobles do termo municipal de Ferrol que teñan fachada as rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de quince metros e non sexa necesaria unha ampliación previa da rede de saneamento a xuízo dos servizos técnicos.

Artigo 4: Suxeito pasivo: contribuínte e substituto do contribuínte

a) Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que sexan:

Para os feitos imponderables referidos no artigo 2, terán a consideración de suxeito pasivo contribuínte as persoas que soliciten, resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación do servizo.

b) Terán a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte para os feitos imponderables referidos no apartado a) do artigo 2, os propietarios dos inmobles.

Artigo 5 : Responsables

- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 42 da lei xeral tributaria.

- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da lei xeral tributaria.

Artigo 6: Cota Tributaria pola taxa de recollida e depuración de augas residuais.

6.1 A base do presente tributo virá determinada pola cota de servizo establecida en cada caso máis a cota de consumo.

6.2 A cota de consumo será o produto do volume de auga consumida por contador expresada en metros cúbicos multiplicado polo prezo por metro cúbico

correspondente ó grupo de actividade de que se trate:

Taxa de depuración e interceptación.

Tarifa	Cota servizo mes	Prezo (m3)
Industrial 1	448,77	0.3826
Industrial 2	17,92	0.3826
Industrial 3	4,25	0.3826
Comercial	2,31	0.3826
Domesticas	2,52	0.3826
Obras (edificios)	22,58	0.3826
Obras (unifamiliares)	1,94	0.3826
Autoridade Portuaria	898,68	0.3826

No suposto de que non se poda practicar tal medición, liquidarase a taxa segundo se estipula para o consumo de auga potable.

Para a descrición e contido dos conceptos tarifarios, serán de aplicación as ordenanzas reguladoras das taxas polo subministro de auga potable e saneamento.

Artigo 7: Obriga de retribución

a) Servizo de recollida e depuración de augas residuais: esta taxa ten carácter periódico. Devénganse e nace a obriga de pago cando se inicie a actividade que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada a mesma dende que teña lugar a efectiva posta en servizo das instalacións de recollida e depuración de augas residuais, nos termos establecidos no artigo 3.

O seu período impositivo coincide co ano natural, agás os supostos de inicio ou cese na súa prestación, nos que o período impositivo será o seguinte:

- Nos supostos de inicio, dende o día que teña lugar ata o 31 de decembro. O dito inicio virá determinado pola acometida a rede.
- Nos supostos de baixa, dende o 1 de xaneiro ata que se produza a baixa. Toda vez o carácter de servizo obrigatorio, a baixa virá xustificada por causas que determinen a imposibilidade do servizo.

A obriga de contribuir pola dita taxa corresponde ao primeiro día do período impositivo.

Artigo 8 : Declaración, liquidación e ingreso da taxa de rede de sumidoiros, recollida e depuración de augas residuais.

A taxa polos servizos de recollida e depuración de augas residuais xestiónanse mediante padrón, quedando suxeitas as altas e as baixas a autoliquidación.

A alta no padrón poderase producir de forma voluntaria, ou mediante resolución administrativa, atendendo ao carácter de recepción obrigatoria que corresponde aos servizos que grava a taxa.

Artigo 9: Beneficios fiscais: bonificacións e exencións

a) Gozarán dunha bonificación, aqueles aboados para os que a suma dos ingresos de todas as persoas que convivan no inmovible que corresponda á alta da póliza de aboamento non supere ó indicador publico de rendas de efectos múltiples (IPREM), segundo o seguinte baremo:

Nº membros U. Familiar	INGRESOS MÁXIMOS
1	IPREM
2	IPREM incrementado nun 10%
3	IPREM incrementado nun 20%
4	IPREM incrementado nun 30%
5	IPREM incrementado nun 40%
6	IPREM incrementado nun 50%
7	IPREM incrementado nun 60%
8	IPREM incrementado nun 70%
9	IPREM incrementado nun 80%

O importe da bonificación desglosarase:

Cota de servizo	85,00%
Cota de consumo	Estarán exentos de aboamento polo consumo dos primeiros 30 m ³ correspondentes a cada bimestre. Para os consumos que excedan da dita contía aplicarase o sistema tarifario común.

Requisitos

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estaren empadroados na vivenda para a que se solicita a bonificación da cota.
- recibo de auga, recollida de lixo e rede de sumidoiros ten que estar a nome da persoa solicitante.

No mes de xaneiro do seguinte ano deberá solicitar a prórroga da bonificación da cota. A documentación será a mesma que para unha solicitude nova. De non presentala, extinguirase automaticamente o dereito e procederase a súa baixa. En todo caso os beneficios recoñecidos no presente precepto terán carácter rogado, debendo acreditar o solicitante o cumprimento dos requisitos esixidos.

b) Exención.

b-1) Terán unha exención todos os usuarios conectados ó sistema de saneamento de conca do Río Sardiña, en tanto Augas de Galicia non execute o colector de conexión, e asemade, os usuarios do sistema de saneamento das concas atlánticas e da bocana de Ría de Ferrol, en tanto non sexan executadas as redes de saneamento e infraestructuras de depuración correspondentes.

Requisitos

Esta exención aplicarase de xeito automático, sen necesidade de solicitude previa, para os usuarios que pertencen aos seguintes sistemas:

- Conca do Río Sardiña e Mandiá.
- Concas Atlánticas e da bocana da Ría: A Cabana, A Graña, Valón, San Felipe, San Cristóbal, Cariño, Confurco, Doniños, San Xurxo-A Mariña, O Pieiro, Covas-Esmelle).

b-2) Éximese do aboamento da taxa regulada na presente ordenanza a aquelas unidades familiares nas que todos os seus membros estén en situación de desemprego.

En todo caso, esta exención queda suxeita ós seguintes requisitos:

- a) Entenderase por unidade familiar todas as persoas que figuran no padrón de habitantes no domicilio cuxa exención se solicita.
- b) As persoas as que se refire o punto anterior deberán de estar en situación de desemprego. En todo caso o alta na dita situación de desemprego deberá ser posterior a 1 xaneiro de 2010.
- c) Corresponde ó solicitante acreditar, tanto o cese de actividade laboral como a causa do dito cese, sen que en ningún caso a presente exención sexa aplicable as situacións de paro laboral voluntarias.

O inicio de actividade laboral de calquera membro da dita unidade familiar determinará o cese da exención, correspondendo ó beneficiario a comunicación de tal extremo. No caso de que a dita comunicación non se produza e constando o cambio de situación laboral por cualquiera outro medio, procederáse de oficio a revogar a exención, con aplicación das sancións que corresponda.

b-3) Quedan exentos aqueles inmobles que teñan consumo cero no seu suministro de auga.

Artigo 10: Período impositivo

O período impositivo das taxas de devengo periódico acomodarse aos métodos de avaliación das magnitudes que constitúen as súas respectivas bases impositivas, isto é, para a cuantificación dos consumos o vertidos a través dos aparatos de medición correspondentes.

A tal efecto, a facturación levarase a cabo bimestralmente para os servizos de

saneamento en rede secundaria; e nun período comprendido entre sesenta(60) días e cento oitenta (180) días para os de rede primaria, procurándose neste caso que o mesmo se aproxime ou axuste ao período semestral. A liquidación das taxas de devengo non periódico levaranse a cabo no momento do seu devengo, segundo o establecido no artigo 7.

DISPOSICION ADICIONAL

Todos os suxeitos pasivos que teñan reconocida unha exención ou bonificación nas taxas de recollida tratamento e eliminación de residuos, taxa pola rede de saneamento y taxa polo subministro de augua potable, aplicaráselle de oficio o beneficio fiscal equivalente dos regulados no artigo 9 da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

PRIMEIRA: Os contratos subscritos con anterioridade a esta ordenanza nos que o contribuínte non fose o propietario, disporán dun prazo transitorio de 18 meses para a súa adaptación á normativa vixente.

SEGUNDA: A exención contemplada no artigo 9b-1) ficará no intre en que se rematen as obras dos interceptores e as distintas zonas se incorporen ao sistema de depuración.

DISPOSICIÓN FINAL

A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.